

# GUÍA PEDAGÓGICA

**FEGADACE**  
FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
DANO CEREBRAL

Escola Danó Cerebral

## ATENCIÓN NO FOGAR DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Curso dirixido a traballadores e traballadoras responsables da atención e coidado no fogar de persoas con dano cerebral para a súa atención específica

## ÍNDICE

<b>1. Datos básicos do curso</b>	<b>2</b>
<b>2. Persoa docente</b>	<b>2</b>
<b>3. Obxectivos do curso</b>	<b>2</b>
<b>4. Temario</b>	<b>3</b>
<b>5. Metodoloxía</b>	<b>7</b>
<b>6. Requisitos para superar o curso</b>	<b>8</b>
<b>7. Autoría</b>	<b>8</b>

## 1. Datos básicos do curso.

Título: Atención no fogar de persoas con dano cerebral adquirido

Duración: 18 horas

Modalidade: Teleformación

Data de comezo: 02/11/2021

Data de finalización: 15/12/2021

Prazas: 50

Inscripción: [Formulario online](#)

## 2. Persoa docente.

Nome da persoa docente: Carla Miranda Iglesias

Enderezo de contacto: [formacion@fegadace.org](mailto:formacion@fegadace.org)

Teléfono: 652 770 653 | 881 943 148

Horario de titorías: Luns de 09:00 a 11:00 para atención telefónica; o correo e os foros atenderanse todos os días laborables en horario de mañá.

## 3. Obxectivos do curso.

Obxectivo xeral:

- Capacitar ao persoal responsable da atención e coidado no fogar de persoas con dano cerebral para a súa atención específica

Obxectivos específicos:

- Familiarizarse coa situación que atravesan as persoas con dano cerebral na volta ao fogar.
- Sensibilizarse sobre como afecta a situación á familia e aprender a tratar con ela.
- Coñecer os dereitos, recursos de apoio e axudas dispoñibles.
- Coñecer que é o dano cerebral adquirido e como se produce.
- Coñecer as posibles secuelas do dano cerebral adquirido.
- Aproximarnos ao ictus como unha das principais causas do dano cerebral adquirido.
- Ser quen de identificar e transmitir a evolución da persoa con dano cerebral.
- Coñecer as fases do dano cerebral e saber que agardar da persoa en cada unha delas.

- Coñecer e comprender as secuelas que ten o dano cerebral a nivel comunicativo.
- Familiarizarse coa afasia e a disartria.
- Dotarse de técnicas para mellorar a comprensión bidireccional.
- Coñecer as alteracións cognitivas máis frecuentes no dano cerebral adquirido para ter pautas para reaccionar perante as mesmas.
- Ser consciente do alcance emocional da nova situación na persoa con dano cerebral.
- Dotarse de recursos para evitar e/ou reaccionar, así como para apoiar á persoa, perante as alteracións condutuais.
- Coñecer as recomendacións máis comúns para facer accesible o fogar da persoa tralo dano cerebral.
- Familiarizarse cos principais produtos de apoio para favorecer a autonomía persoal.
- Aprender a facer transferencias e cambios posturais de maneira segura para a persoa con dano cerebral e para a cuidadora.
- Coñecer a disfasia e ser quen de identificar os seus síntomas máis habituais.
- Afondar nas principais recomendacións para a alimentación e administración de medicación nunha persoa con disfasia.
- Coñecer as implicacións do dereito á intimidade para preservalo ao máximo no trato coa persoa con dano cerebral.
- Garantir a preservación do dereito á intimidade no contacto corporal, especialmente nas persoas con maior nivel de dependencia.
- Definir o dereito á privacidade e incorporar boas prácticas para respectalo.
- Coñecer que son e como se manifestan as úlceras por presión.
- Capacitarse para prever as úlceras ou éscaras.
- Dotarse de coñecementos para o coidado da hixiene oral da persoa con dano cerebral.
- Coñecer que requisitos debe cumprir unha actividade para que sexa de lecer.
- Incorporar pautas de actuación para apoiar á persoa con dano cerebral nas actividades de tempo libre.

## 4. Temario.

### TEMA 0. Benvida ao obradoiro.

1. Por que este obradoiro?
2. A familia no proceso do dano cerebral.
3. Os dereitos da persoa con dano cerebral.

### TEMA 1. Detección do dano cerebral.

1. O dano cerebral adquirido.
  - 1.1. Secuelas.
  - 1.2. Tipos de secuelas.
2. O ictus.

2.1. Os síntomas de alarma.

2.2. Plan Ictus.

## **TEMA 2. Pautas para avaliar a evolución da persoa con dano cerebral.**

1. Fases do dano cerebral adquirido.

1.1. Aguda: os primeiros momentos.

1.2. Subaguda: a rehabilitación.

1.3. Crónica: vivir con dano cerebral adquirido.

1.4. E despois que?

2. Observación na volta á casa.

3. Situacións máis frecuentes a avaliar.

4. Cronificación das secuelas.

5. Apoio das asociacións de dano cerebral.

## **TEMA 3. Comunicación coa persoa con dano cerebral e habilidades comunicativas.**

1. Que é a comunicación?

2. Como afecta o dano cerebral adquirido á comunicación?

2.1. A fala.

2.2. Dificultades na linguaxe.

3. Como comunicarse coa persoa con dano cerebral?

3.1. Falarlle.

3.2. Escoitala.

3.3. Cuestións a evitar.

4. A rehabilitación.

## **TEMA 4. Alteracións cognitivas e condutuais.**

1. Alteracións cognitivas.

1.1. Desorientación.

1.2. Dificultades atencionais.

1.3. Dificultades de memoria.

- 1.4. Alteracións perceptivas.
- 1.5. Alteracións práxicas.
- 1.6. Alteracións executivas.
- 1.7. Falta de conciencia de déficit.
2. Alteracións emocionais e condutuais.
3. Prevención e manexo das alteracións condutuais.
  - 3.1. Características físicas da contorna.
  - 3.2. Factores programáticos.
  - 3.3. Factores sociais.
  - 3.4. Prevención e estratexias.
4. Recomendacións xerais para relacionarse cunha persoa con dano cerebral adquirido.

## **TEMA 5. Transferencias e cambios posturais.**

1. Accesibilidade.
  - 1.1. Como facer máis accesible o fogar?
  - 1.2. Existen convocatorias de axudas e subvencións para facer accesible o fogar?
  - 1.3. Recomendacións xerais máis comúns.
2. Produtos de apoio.
  - 2.1. Cales son os produtos de apoio máis comúns para as actividades cotiás?
  - 2.2. Que profesional prescribe os produtos de apoio?
  - 2.3. Existen recursos de préstamo de produtos de apoio?
3. Como podo axudar no desenvolvemento das actividades básicas?
  - 3.1. Aseo e hixiene persoal.
  - 3.2. Vestido.
  - 3.3. Comida.
  - 3.4. Descanso e sono.
  - 3.5. Control de esfínteres.
4. Transferencias e cambios posturais.
  - 4.1. Cal é a mellor posición na cama para que a persoa con dano cerebral estea cómoda e previr lesións?

- 4.2. Cal é a mellor posición na cadeira de rodas?
- 4.3. Como podo pasar á persoa con dano cerebral da cama á cadeira de rodas?
- 4.4. Como podo pasar á persoa con dano cerebral da cadeira de rodas ao coche?
- 4.5. Transferencias con grúa.

## **TEMA 6. Alimentación, deglutición e medicación.**

1. A disfaxia.
  - 1.1. Recomendacións xerais no caso de alimentación por boca.
  - 1.2. Recomendacións xerais para alimentación por sonda.
2. Medicación e disfaxia.
  - 2.1. A postura para administrar medicación.

## **TEMA 7. Tratamento da intimidade e da privacidade.**

1. Dereito á intimidade.
  - 1.1. A intimidade persoal.
  - 1.2. A intimidade corporal.
  - 1.3. A intimidade no resto das actividades da vida diaria.
  - 1.4. Factores de risco.
2. Dereito á privacidade.
  - 2.1. Boas prácticas para levar a cabo o dereito á privacidade.

## **TEMA 8. Hixiene, curas e prevención de úlceras.**

1. Que son as úlceras por presión?
  - 1.1. Síntomas das úlceras.
  - 1.2. Causas.
  - 1.3. Sitios comúns de úlceras.
  - 1.4. Prevención.
2. Hixiene oral.
  - 2.1. A persoa con dano cerebral autónoma.
  - 2.2. A persoa con dano cerebral con dependencia moderada.

2.3. A persoa con dano cerebral nunha situación de dependencia severa.

## **TEMA 9. Acompañamento no tempo libre e actividades de lecer.**

1. Tempo libre e tempo de lecer.
2. Definición de actividade de lecer.
3. O papel da persoa cuidadora.
4. Actividades.

## **5. Metodoloxía.**

O curso está estruturado en nove temas, que se corresponden con diferentes áreas temáticas da abordaxe do dano cerebral adquirido, máis un, o Tema 0, de carácter introdutorio.

Cada un dos temas está dividido en subapartados segundo o especificado no punto 4. Cos textos e explicacións intercálanse exercicios interactivos de autocorrección que serven para revisar a adquisición de coñecementos e fixar a atención sobre os mesmos. Estes exercicios son optativos, pero recoméndase realízalos pola súa utilidade para a preparación dos test finais.

Os textos están acompañados de vídeos e imaxes que ilustran, reforzan e amplían os contidos didácticos. Especialmente no caso dos produtos audiovisuais, veñen a complementar os contidos teóricos achegando un marco de comprensión máis amplo, con testemuños de profesionais dos equipos multidisciplinares das asociacións de dano cerebral membro de FEGADACE, así como coas declaracións das propias persoas con esta discapacidade, facilitando a abordaxe e comprensión da mesma.

Os apartados de 'Materiais complementarios' achegan bibliografía e referencias para a consulta e ampliación da información.

Por último, e co obxectivo de poder acceder ao tema seguinte, ao finalizar cada unidade é necesario cubrir un test de avaliación estruturado nun número de entre seis e dez preguntas con tres opcións das que só unha é correcta. É imprescindible un 50% de resultados positivos para poder avanzar e finalizar o curso.

En paralelo, con periodicidade semanal iranse introducindo propostas de prácticas a partir dun caso ficticio de persoa con dano cerebral adquirido. Formularanse preguntas para que as persoas asistentes ao curso poidan achegar propostas de resolución, que se comentarán por parte da docente. Igualmente os foros permanecen abertos para calquera comentario, suxestión ou achega do alumnado.

Ao rematar, unha vez superados todos os temas e tests de avaliación, achegárase un cuestionario de satisfacción, así como o certificado final, emitido por FEGADACE.



## 6. Requisitos para superar o curso.

É imprescindible ver todos os contidos para superar o curso. Ao finalizar cada pantalla e pasar á seguinte, a primeira queda marcada en verde, o que significa que os seus contidos foron superados e que se pode seguir avanzando.

Como foi especificado no apartado 5, cómpre superar todos os test de avaliación con cando menos un 50% de resultados positivos para poder avanzar por temas e superar finalmente o curso.

## 7. Autoría.

O grupo de traballo que elaborou estes contidos formativos está composto por un equipo de traballo multidisciplinar das cinco asociacións galegas de dano cerebral e da Federación. Sen o apoio, propostas, tempo e traballo de ADACECO, ADACE Lugo, Alento, Renacer e Sarela, FEGADACE non podería ter elaborado este complexo e completo temario. Para as cinco o agradecemento da Federación.

### Membros do grupo:

Carla Miranda Iglesias (Traballadora Social de FEGADACE)

Irene Cancelas Sánchez (Responsable de Comunicación de FEGADACE)

José Antonio Fernández Delgado (Educador Social de Renacer Ourense)

Laura Martínez Mondelo (Fisioterapeuta de Sarela)

Laura Ramírez Ramos (Psicóloga e directora do centro de día de Alento)

Laura Segade Fernández (Traballadora Social de Sarela)

Lucía López Ameijenda (Auxiliar de Enfermería de ADACECO)

Marta Barbeito Rodríguez (Traballadora Social de ADACECO)

Nerea Darriba Rodriguez (Terapeuta Ocupacional de ADACE Lugo)